



# DORNA



expresión  
poética  
galega

17 de maio  
1.981

Jal. 125

Esta é unha reprodución facsímile do volume 1 de *Dorna. Expresión Poética Galega* que a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela dan ao prelo co gallo dos corenta anos da revista.

Compostela, outono de MMXVIII

---

# DORNA

---



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

expresión  
poética  
galega



17 de maio  
1981

2

DORNA

**PUBLICA:**

ASOCIACION CULTURAL DORNA  
Illa de Arousa - Pontevedra

**COORDINAN:**

Luis G. Tosar "CHE", Manolo Loxo, Suso Molanes

**IMPRIME:**

FEITO  
Dr. Cadaval, 29-31 (Galerías) - Vigo

**DISEÑO E CONFECCION:**

Xurxo Fernández

**IMPRENTACION:**


Ana

**DISTRIBUCION:**

Autónoma

Dep. Vg . 156 -- 81





## ADRAL

*A vos mozos/as que sentides e creedes na poesía, e aos que sen ser novos seguides creendo nela, ofrecemosvos hoxe unha dorna para navegar entre a aventura e a calma.*

*Velaiquí a nosa aventura. Unha aventura mareira en Compostela, que se botou a andar este vintecinco de abril, cando os do Movemento da Nova Xeneración Poética Galega, estaban celebrando seu primeiro ano de vida nun miserabel ateneo tabernario, e chegou por alí un da Arousa decindo que os da Asociación Cultural da Illa afianzaban a tolería poética con unha publicación real: "DORNA".*

*Veú logo o tempo de percurar os poemas que enchen esta dorna, todos eles dos novos e dos mais novos aínda, que queren dicir algo ou nada, pero en galego. E pensamos que a aventura pode seguir, e que seguirá cada seis meses cando bos refachos de vento empurren con mais forza esta vela nova.*

*Polo dagora xa temos embarcación. De todos vos e nos depende que as trescentas dornas que aínda quedan na Arousa sirvan para navegarmos con forza e con calidade, ceibando o maxín e esgotando os recursos da nosa fala.*

*Entre a AROUSA e COMPOSTELA  
1 de Maio de 1981*

4



## UN SAUDO

*Coido eu que asistimos abraiados a unha explosión de diversas luces. Dende un eido de salitre, inhóspito, que tal foi o estancamento da nosa produción poética nos derradeiros anos, de súpeto xorde unha enxurrada de canto inesperado. Vibráteis bolboretas, lucincús movendose no ventre da noite: aparecen os novos poetas galegos. E velaiqui que a poesía, longamente encantada no fondo do bosco polas meigas de anteollos escuros, erguese de novo e espreguiza do seu sopor de pedra. De pedra; longa noite de pedra enemiga, pedra que pesou sobre Galicia e esmagou mesmo a loucura da imaxinación. Hoxe dentro do fragor das discusións do Congreso de Escritores en lingua galega, leo o mangado de poemas dun feixe de mozos e de mozas que non están connosco. Pro deberían estar, porque están xa nas letras e están no aflorar poético da patria. E alédomme fondamente de que saian a ver a súa luz primeira, entre os indecibeis iris dos solpores da Illa de Arousa.*

*Eu agora estou feliz por ver esta aparición que nos sobrevén e fago votos cos meus amigos da Agrupación Cultural DORNA pra que esta herba que agora nos amosan medre, chegue a ser lameiro vizoso.*

Poio. 4 Maio 1981

X. I. Méndez Ferrín



### *Manoel Forcadela*

6 Nasceu en Forcadela un 25 de xullo de 1958 que non se voltará repetir mais. Cecaís pola data ou polo lugar algúns troveiros de seu como Sigfrido Ruibal ou Erika Lou pensaron que non viría mal inmortalizar a semellante persoaxe cun nome ben propio.

Esta é a historia deste heterónimo que ben poidera ser apócrifo se temos en conta que por esta xente o río do tempo decorre moi vagarosamente e resulta moi difícil contactar con eles senón é cun calendario astral tan difícil de atopar nestos tempos.

De calquer xeito, recordos dél para vós.

### **BALADA DE ROBERT**

**das nosas aboas inesquencibeis chega un recendo de loureiro  
e o medrar da lua invertíndose nun soño  
fala de Delaira nome de muller e beixo  
ou Donalis de malvela trasvirada en volvoreta  
e tamén de Sevia enchida e satisfeita  
mais ú son as que non foron?**

**escurécenseme as mans de recordalas:  
nos eclipses de sosego coorada Malaela  
señor en cadoiro e auga decorrida  
ou a doente Tunia facendo remuíños  
transparente irmán de Elamol na brevedade  
mais ú son as que non foron?**

**o sucre de Veronika na gaiola do seu bico  
e a increíbel moscovita que nunca tuvo nome  
porque era a beiramar da noite e abondaba  
Beba nos cativos espellos do limón  
expremendo pousada os lindes do seu viño  
mais ú son as que non foron?**

**erguerá Villón o seu laude  
e o malvís para dicer: ben, fagamos unha nubem!  
e cando presinta os azuis do albor  
Robert marchará perseguindo os asubios  
daquela balada que antano preguntaba:  
mais ú son as que non foron?**



**XANA**

**o cabelo dos millos non madurecidos  
rabuña na trenza do teu ronsel de risos  
e andas as cousas de voz lisa  
sen saudades anónimas.  
A tua beira medraron suburbios de desamor  
-patria pequena-  
pero están, outra volta, os galos fronte a fronte.**

*Margarita Ledo Andión*

Terrachá. Xana vai cumprir tres anos e é a rapaza máis bonita do mundo.



¿Aónde fóstedes?

I

Como os arroaces bican a ribeira  
no relembro, e como queren o aire, soñas  
a nai mol daquela calma de canseira.

Como aínda sabes moitas borraxeiras  
denantes da última aperta ao teu peirán  
derradeiro, onte foi de certo en tí

unha ruta incerta é cási que a mar rota  
ás veces onda e unha outra vegada volta  
refeito aloumiño sob a terra vouga.

E sábeste en pasos que, tan desnordados,  
non darían ido a dar en cala de nai.  
E sábeste non sabendo qué seríades.

... Viñéran-vos dos seus anos de Ingraterra  
amparos de abós que, bos, non saberían  
(pra pulsos que se guiaran da man da lúa)

un tempo que se lle descontará do ir,  
na desfeita, aos nenos brunos castigados,  
e que sumaría a trancas cunha volta:

a deles; a nunca tanto desexada,  
pero a que viría con augas enfermas  
para ser seitura de próximos invernos

nas costas do teu pai, o seu mal náufrago.  
Pra ser a que vos ía traer o tempo  
como o fillo non querido dun hospicio.

II

Puden ver como os arroaces son ledos  
na Arealonga doutra hora, contrastada,  
que foi carne a crecer, memoria, e adiós.

E ver, meu Filipe que andas na outra beira,  
vir novo aire que alente, como quixemos,  
empeños ao noso afán de facer verbas

que sexan o mesmo vento, e mesmo a marea  
que bate nas costas do novo camiño  
avantado no estrago das despedidas.

## CATEDRAL DE MUSICA

Estatuas de música encerellándose no ar.  
Os alentos dormentes  
erguíanse polos toros de ategados andamios  
enxordecendo nos borboriños dos dedos.  
As verbas avivecían nos sóns da catedral  
e a pedra beilaba entalada en encaixes  
cando o mexunxe das notas  
apañou o trogo do noso contauto.

A música -doce voar-  
cicatrizou nas pálpebras do mar.

Corpos trochados  
esprimíndose no arte.  
Tanto camiñar esmagado nos cadros húmidos da rúa,  
rúas rebordando zoupadas,  
canzóns que tornaron ó viño feiticeiro  
no que vidrouse a catedral.  
Os arcos pousaronse nos esgarabellos do corazón,  
no sentir da pedra...  
todas as estruturas volquearonse nas curvas do ar,  
cada monumento esgazouse chovendo na catedral.

*Fina*

Fina Fontes Novo.  
Ten 18 anos. Brila por propia  
presencia e ven sendo, claro,  
de o Sol (A Estrada)



*Alberto Avendaño*

Grupo de Comunicación poética  
ROMPENTE.

**VACAS**

**ENCETAREMOS O QUEIXO PRA LEVALO A  
SOBREVOAR POR RIBA DO MESMO**

**A VIDA NON TEN MURCHO O CANSANCIO  
DOS INSECTOS**

**O ALFINETE LOUCO QUE DESENCAIXA O PEITO  
mira e mirou**

**UN FUNIL OU VARIOS DE NUBES NEGRAS**

**A UN CEO MORREULLE A FACE  
ALI ONDE ALMORZAN MATRONAS OS BEBES**

**federico federico federico**


*A. R. Reixa*

**o coro de voces agrícolas de kassoa (ungaria, non é)  
a voz maricona de sirena do choio  
e vai virxílio o do latin e se lle pon  
stetit illa tremens marca stein  
vaia foda gudariak  
eran cuatro jalopines y eran todos malhechores**

10

*Manuel M. Ronón*

**describo unha saa con mecedora coxíns vinte centímetros de al-  
fombra figurada en formas de cristal desde unha lámpada un zoar  
de portas e logo outra vez silencio apenas a caída súpeta dun para-  
caídas pola parede dos ciños calvos bruno xogando á mesma cousa  
nun escuro e jenny jenny esquecida no gómito leitoso da memoria  
(saltar á comba o quinqué da aboa aceso cando querían contar his-  
torias de medo) recollía fíos de ferro ou falsos aramios xusto mais  
alá da papeleira senón onde aniñan os gatos**



LAMAZARES

**ESTACION TERMINO**

Lonxe.  
Soio sabían que quedaba lonxe.

Recramábaos  
a vibrante claridá de América  
-Habana, Camaguey, Cienfuegos,  
ecos misteriosos,  
definitiva plenitú solar.

Tiñan nomes  
dóces e rotundos  
-Serafín, Emilio, Castor.  
Levaban con eles  
o alento da sua patria íntima,  
a brétema do nativo val.  
Non tiñan nada que perder  
e tampouco moito que ganar.  
Todo canto amaran  
ficaba atrás.  
Soio sabían que quedaba lonxe.  
Non volveron mais.



**A FINADA NENICE**


Eu axexo na esperanza un tempo que entende o meu linguaxe.  
Qué teño que ver coa xistras coaternarias de Fisterra,  
(tánto, tánto,)  
e qué podo decir de contra tanta muralla  
sinón voar xunto do meu pensamento descartando aos pacíficos.  
— Nos ollos do paxaro deduzo que soio é cadea o que non obriga.  
— Fisterra, infíndo grao da mazorca que roímos nos anos negros  
/ dun herdo sin saída

Leixamento,  
a buscar nos seus ollos o espello máis meu.

Xélis de Toro

“Hai dazaoito anos, nacín en  
Compostela”

¿Solteira? ¿casada?  
¿viuda? ¿monxa?  
As rapazas xogan  
no parque,  
Trenzando o futuro,  
en xogos minúsculos  
e grandiosos a vez.  
¿Si? ¿Non?  
As rapazas do meu parque  
xa temen a perdición,  
Interrogando ás margaritas  
entre risa e risa,  
entre pranto e pranto.



*Al amanecer,  
el mundo me besa  
en tu boca, mujer.*

*Xosé Dono*

Taboada, ano 51

*juan ramón jiménez*

no amencer  
a muller bícame  
ná túa boca  
mundo  
e o verso  
é outro día  
o lume de todos  
nascéndo ná rúa  
cinsa carnal  
dunha sombra branca  
sangrando no segredo  
das pombas de alcanfor.

“Prós mariñeiros de Arousa  
cunha fonda aberta, longa co-  
ma un ronsel”.

“Ten 25 anos e nasceu en Vi-  
go; coincide connosco nesta  
Compostela cada noite”.

**“Oh Capitán! Meu Capitán!”**

*(Walt Whitman / Manoel Antonio)*

**Damodo a sombra erguéu de xunta o camiño  
coma unha noite rachada de invernía,  
marchando o remuíño torto da túa seiva  
con pegadas cansas percural-o bercio  
onde nascen as constelacións da alborada.**

**Dos teus ollos cansos de arelar ondas,  
da túa proa senlleiro xurden verbas  
esnaquizadas de mañán, cheas de morses,  
co guieiro acochado en cada imaxe,  
cas melfas e os arroases nos poemas.**

**Da túa voz mansa de sotárrego, calada,  
do teu peito, da canseira da túa faciana,  
mares e portos, cun peirán ergueito  
en cada verba alumeada, nos caligramas,  
arélanse navegacións intencioadas.**

**Dos focos, das velas inzadas de sol,  
cheganos o choro atochado, virxe,  
un mar enloitado onde a maruxia  
da túa presenza falla. Finaches.  
Fócheste percurar un S—O—S a Orión.**

**Alongáchel-o teu poema xunto o sol,  
onde a lúa bica constelacións, aló  
onde os fuxidíos remansos da tristura  
se perdéron na derradeira singradura  
do teu azo mareiro, poeta. Amigo.**

**Deixáchenos sós á veira do silencio,  
coma cautivos do rumorexo mol  
do teu peito doente, aguniante.  
Sos ca soedade erma de quen sabe  
que o espreitado xamáis chegará.**

**A túa paipa xa non azazará leda  
máis soños de barcos, nin os arroases  
xogarán máis no teu fume cotián:  
o barco hai ficar soio, perdo,  
e nos. Ti xogará a nomear estrelas.**

Rubirás ó pé das constelacións  
ou pasearás, de vagar, polas rúas  
molladas, neboentes dos poemas.  
Escribirás foulas nas ondas  
ca lanzal proa dos soños-poemas.

Encetou a túa derradeira  
a máis longa singradura alén  
no pailebote incerto e griseiro  
dos nosos soños, na lembranza  
da túa presenza arelante.

Rianzo ficará soio, moi soio:  
marcharon os homes cara o día,  
cara a alborada ergueita no recordo  
sobre das tebras mestas da noite,  
camiñando por tortos vieiros.

Eiquí uns poemas, unha paipa  
a medias acesa, e unha caixa  
marela de tabaco que hai tempo  
perdeu o arrecendo. Alá tí, soio,  
núo coma o mar a cazar estrelas.

Beberemol-a derradeira copa  
agora chea de recordos de tí,  
aló no Navy-Bar, denantes  
de botar ó mar as calcadelas  
vixiando de no trabucal-o Norde.

Percurando na Roseta o camiño  
que nos leve ondia tí escribes  
a derradeira carta á lus das estrelas  
no papel que che ofrecen os ceos  
meirandes que están máis aló do mar.





Eu son a que non tiña nome  
a que no sarego esperaba unha palabra  
que me fixese unha  
entre as cousas

a que perdida na moitedume esculcaba o silencio  
eu a ignorada da linguaxe  
exiliada do mundo das concretas materias  
que nomeamos arxila

pan mainzo  
paxaro

eu anónima presenza cara á morte  
eu sílaba sen chama  
até que chegaches de pronto e me chamaches  
e fun feal

pan ácimo

esquina dunha praza na que sempre agardabas  
eu son a que agora posuí todos os nomes  
a gardadora secreta do alfabeto  
a que ti escolliches  
despois de longas búsquedas e enquisas  
na dirección do vento  
para fundar o idioma da ternura.



I

Fago versos na soia compañía dos insectos,  
e nun recendo de ti envolvo o corazón.  
Fago por esquencer  
e pido perdón;  
no mar afúndome,  
na auga que lava o meu corpo.

Fago versos na soia compañía do insectos  
nesta hora soio aberta os escollidos,  
co fungar da mosca  
co abellón.  
Soio os que estamos mortos temos camiño,  
a esta hora as ánimas poden atoparse  
ou facerse carne espida nos brazos do leito valdío.

A luz da lua  
cae enriba coma brancura de muller  
cae coma tempo e lembranzas.  
Cae o teu recordo e os kilómetros  
e sei que agora sofres,  
eu vivo coma sempre na lembranza  
e xa nin as moscas me acompañan;  
soio esa sensación de que ti estás  
xa sin a compañía dos insectos  
sabendo ou dubidando  
nesta noite a tua presenza.

II

Penso en ti que viñeches súpeta coma luz  
no corazón de espiña  
as mans queimadas de abrir lumes  
de abrirse a sepolturas.

Apalpo no teu corpo un destiño coma vento  
con sabor de terra fecundada

Sintoche ca vida nas mans pra darnos algo

O teu medo está nun largacio ser do meu espírito  
coma o latexar dubidoso da tua carne  
no aloumiño

## A NEGRA SOMBRA DO LUTO

E logo énos estas vendo  
ala no Asento  
nese ceo dos poetas  
cegos polas verdades  
dos versos?

Fuchete vendo  
a nova aurora  
e nos deixache,  
querido Celso,  
o sabor doce  
das tuas verbas.

Con esperanza  
dis idesperta!

Mais sigue o sone  
que antes era  
oscurantismo  
da post-guerra

Morrliche Celso  
ixa poucos quedan!

18

### *Tere Diaz Charlin*

Vive en Vilagarcía, naceu no  
ano 63

Cando nos ollos  
non hai xa isa bágoa  
da eterna tristura,  
e samente choramos da alegría  
de non ter os "corazós feitos  
de frías e duras penas".  
Cando a calor das nosas fogueiras  
esquenzamos a palabra soidá  
que nos funde en longas esperas.  
Cando vexamos o que sentimos  
sabendo primeiro  
o que é  
amar e sentir.  
Cando ó fin non faga falta  
escribir isto en verbas.  
Entón viviremos na dúbida,  
pro non coñeceremos o medo.

*“En Compostela estamos  
moitos xa para sempre derrotados”*

*X. L. Méndez Ferrín*

Foi un tunel,  
unha caída inmensa, un tren  
de volvoretas estalando  
nas brañas do arrabaldo; foi  
unha enorme nebulosa por un tunel  
poboada de alucinantes cicatrices.

Foi unha historia de amor  
unha noite  
na Colexiata do Sar. Compostela,  
unha viaxe fluorescente,  
un río, unha constelación  
de tabernas luminosas.

Foi un tunel a toda velocidade,  
un vértigo redondo de figuras  
batendo-se en cárcavas de néboa. Compostela,  
un botar-se a chorar, un caer-se pola vida  
batendo nas paredes,  
un insomnio aberto  
en invernos medulares.

Foi tamén a choiva. A choiva  
tamén foi en Compostela.

A choiva viña polas tardes, incendiaba  
os sobrados,  
traía o vougo  
e apagaba o rebumbio de escuros automóviles.

A choiva demoraba no peitoril das fiestras,  
abría a porta das ausencias  
e facía-nos buratos  
fondísimos na alma.

Eu recordarei-me triste en Compostela.

Foi unha enorme dispersión,  
un gran quebranto: aquel paseo  
sobretudo pola Algalia, victorioso de estrelas  
e de música, convencido  
para sempre da noite e da tolura.

Foi unha traxedia por entregas, unha  
fraga ricaz de desconcertos;  
milleiros de mínimos desastres,  
ardentes mencerés na Zoa Nova  
que nos facían chorar  
iluminados. Foron e seguirán vivos  
para sempre.

Eu recordarei-me triste en Compostela.

Resido en Moaña onde nacín  
un 17 de Agosto de 1959.  
Son incondicional de Manuel  
Antonio e de Sito, compañei-  
ro de moitos recitais perdidos

**A XEITO DE CATRO NEGATIVOS DO PODER**

**No cuartel de mando  
caiu-se un tinteiro  
e o cadavre do berro  
afogou os derradeiros flash-backs  
petando nas contras  
blanco e negro das instantáneas  
que o vento foi enchendo  
oun longo asubio  
a virar cara a ningures.**

**O cuartel de mando  
ten un sorriso  
de antes e despois da guerra  
porque no ir e vir do inverno  
esgotou-se a pillá  
que rifaba coa morte  
naquel vello bufón electrónico  
que un día tentou revelar-se.**

**No cuartel de mando  
hai un letreiro  
que abriu expediente ó bris  
por violentar o álbum  
de in-com-pa-ti-bi-li-da-des  
aberto en letras douradas  
na vaguedade (lea-se lei)  
de non saber cómo  
roubar o corazón da nosa sirea**

**No cuartel de mando  
teñen-lle collido o nome a  
NOITE  
acusada de servicios non lícitos  
por ser vista  
bicando-se coa néboa  
na esquina do muro do mundo  
mentres o medo pintaba en roxo  
unha cassette de temas mudos.**

Preséncia tua  
que se esconde imprevisíbel  
inconstante  
traición do recordo  
Prolongada auséncia na  
rua noite  
do farol aceso  
todo silencio...  
libertade ou soño  
alén aberto de fronteiras  
para o azul  
-biquiños dun tempo sen MIN-  
Preséncia lonxe  
hoxe cómplice furtiva  
na maldizón de cada  
hora a posirme cando  
percorro a noite  
en torrentes de café  
e naufrago vértigo incontrolado  
de amor e sexo para ficar só  
nesa psicodélica tan tua...  
Preséncia onte  
na bagatela de luz  
pendurando inqueda dos teus  
beizos para dicir un definitivo  
talvez mañán...  
Au revoir, chao.

*Celso Parada Fernández*

E de Moaña; ten vinte e dous anos e pasou unha vez por Lisboa onde mercou moitos cadernos de apontamento, e ce-cais...

21



*Xoan Luis Otero*

Isleño (da Arousa), militante da palabra e do amor ao seu mar. Nado en primavera pero do ano 1955.

*A Xoana, perto  
no corazón*

**Alónxate do perigo que produz  
a ignominia vencellada á vida  
sentindo o silencio do corazón  
que dende o fondo da terra  
palpita polo sangue  
máis aló das illas desoladas.**

**Emerxen os sons ao lonxe  
antre cánticos de soedades,  
sulagado encanto da lira  
en mares de doces politonales.**

**Perto do tempo que fica só  
ao carón da anerga cidade,  
de muros rexos e frios,  
teu ollar craro e curto**

**Oúvese un galo cantando ao día  
cecais un neno chora nascendo á vida,  
xa todo xaz sepultado  
coa tua presenza pura e viva.**

22

*Xosé Miranda*

Lugo

**INDA QUE CADA VEZ DELIMITO O TEU CORPO**

**Inda que cada vez delimito o teu corpo  
non hai voz pra falarte  
non hai distancia firme,  
todo son incertidumes  
paxariños que pasan.**

**Inda que todo é nome, definición, fronteira,  
non hai marca imborrable  
sinal que te conteña  
todo son incertidumes  
pingas frias que esbaran.**

**Inda que sempre é carne, arrecendor, materia  
non hai distancia firme  
non hai espacio certo  
todo son incertidumes  
chuvia que te salpica.**





SUCESO

A cidade est3 morta,  
non hai vida no exterior;  
somentes corre o metro  
sen ton nin son.

Un home cheo de anceios  
busca a vida no fondo,  
da hist3ria,  
da cidade  
e agarda 3 comboi c3 leve  
mais al3,  
3 mais al3.

Est3 nunha estaci3n sen nome,  
que el non co3ece.  
Est3 rodeado de moita xente,  
que el non ve.  
Est3 pra non estar.  
Est3 tan s3.

Presaxa o avanzar da m3quina  
e matina ambulancias.

¡Ainda vive a morte!

Pro o metro ven m3is perto,  
senlleiro como el.  
Escoita o petar dun relox apresurado

¡A morte ainda late!

CHEGA

Agora

??????????

¿Collelo ou tirarse?  
¿Contarse ou tirarse?  
¿Tirarse ou tirarse?

Decide...

¡Pois 3 tan tarde!

CHEGA

SALTA

DESCANSA

Primeiro minuto

Xentes que non teñen verbas  
ollos que se miran sentencieiros,  
abutres afamados de morte rescente.

**Primeira hora**

As campanas tocan un réquiem:

¡Somentes o fai un tolo!

TONG..!

¡Buscóu a hora pra tirarse!

TONG..!

¡E pra colmo en hora punta!

TONG..!

¡Quería dar un espectáculo!

TONG..!

**Primeiro aneiro xeral**

¿Canto tardará o metro en voltar a andar?

**Derradeiro aneiro xeral**

O metro avanta no sangue.

¡Pois é tan tarde!

CHEGAN

.....

DESCANSAN.



Abel.


Abel Diez Udias. 1961. Impresor.

Miña vida artística pública escomenza en Setembro do 80 facendo 2 exposicións de poesía visual xunto cun amigo pintor. Cando estabamos a piques de facer unha terceira exposición, desapareceu misteriosamente meu amigo cando ia buscar un certificado médico, quedando eu con 3 ou 4 poemas debaixo do brazo naquel local fumigante. Aínda lembro as palabras deles ...as paredes van comer aos poemas ...quedaría ridículo, quedaría ridículo ...si coido que foi iso, unha inmensa sensación de ridículo.

Agora fichei por PRORSUS

Sentín o golpear de mamai no teléfono  
como caendolle a man dunha altura por  
enriba da cabeza  
case, a piques, non foi tan xiquera un  
CO MU NI CAN DO OCO  
Antes de nos deixar desconectou  
a mantíña eléctrica.

26



Tirando dos extremos do mar ...

hoxe Vigo

e Cangas e,

en abstracto

linguas bífidas e montañosas

Facendo

a tensión

que provoca o

burato do tempo

de xeito semellante

a como cando

(teimando coa desembocadura

da rata)

abrimos o tapón

do desagüe da bañeira

ou

boca apiñonada

do corpo succulento / da alcantarilla.

AGORA

TODOS

FICAN

MORTOS

E

COAS

MANS

CHEAS

DE

GAS - OIL.

AG

ORA TOD

OS FICA

N MORTOS

E COA

S MA

NS CHE

AS DE

GAS-

OIL.

*Helena*

HELENA DE CARLOS VILLAMARIN n.1964

Estudo 3 de B.U.P. nun instituto mixto de homes. Tras ter recibido certo número de premios literarios no colexio e fora do colexio, unha alerxia primaveral ó polen dos arbres fíxome introducirme na temática urbana de PRORSUS, que é como a miña casa pero en millor. De máis pequena tiña a ilusión de levar unha vida trágica e inconclusa; agora conformome con facer a miña existencia o menos chistosa posibel.

*Celso.*

Celso Soto Barros. 1962.

Estudiei artes graficas e quedeime en carpinteiro. Boteime ao estrelato na revista PRORSUS e soio direi que mamai obstaculizou miña laboura creativa alquilando unha habitación da miña casa a unha pobre vella xubilada por catro mil ptas, ... pero calqueira dia destes roubareille o monedeiro.

27



O mar entra  
polas xanelas  
da noite.

R. fonte / 82

Por qué permanecen os teus ollos na noite  
as tuas agres melodías coma furiosas e lentas sonatas  
de xelo amoroso  
vaos retés do olvido  
que serpentea polos ciclos dos ciclos  
abeirande o zigzag aceitonado  
dun eu que separa o tenro do cálido  
por que saímos no abrente  
a percura das tempas agarimadas e silandeiras  
das pequenas rocas tranquilas  
e o auga do mar e os prados ondulados  
atráennos a sumerxidas cadencias  
coma o tacto dos mortos  
como a quilla sedosa dun vestido de muller.



Compañeira, se o tempo coma un río  
nos trouxo auga de luz e seguranza,  
non é feliz que a morte corte o fio  
delgado desta luz e boandanza  
mais non centres anguria ou esperanza  
na morte que arrodea e non se atreve  
a interromper a luz e a nosa danza:  
mais espera que a morte seña leve.  
Se tu gozas da luz, tamén eu gozo  
a morna escuridade da tua pel  
alí onde o teu corpo é coma pozo  
que reverte de almibre e máis de mel  
e semella un aberto caravel,  
unha rosa de luz escura e breve.  
E se o tempo agallopa, goza del,  
mais espera que a morte seña leve.  
Pasan os días, pero brilla o sol  
cada mañá que amence esclarecida,  
e en todas as fogueiras hai remol  
despois que a lapa queda adormecida.  
Por eso eu gozo en ti saibo de vida  
en cada cousa nova -lume ou neve-,  
e goza tu tamén estremecida,  
mais espera que a morte seña leve.  
Compañeira, se o tempo é coma un río,  
mergullémonos nel, que a vida é breve.  
Esgota o vaso do licor que reve,  
considera o non ser que asexo frío,  
mais espera que a morte seña leve.

**X. Manoel Irimia**

Vive en Compostela, naceu en Sarria, a finais dos 50.

**Herdei a noite das xeneracios abafadas  
na soidade**

**e deprendin a coñocela  
nos seus ollos aceibeche,  
nos seus beizos frios e silandeiros.**

**Nela sinto a anguria dos rostros esquencidos  
orfos dunha sorriso  
e choro.**

**Nas miñas bágoas trasnoitadas  
adiviñase a tua ausencia,  
compañeira inseparabel  
destas horas frias e valeiras  
que consumo nunha copa  
agardando no sei que hora...**

**Por ti,  
noite tras noite,  
mastigarei a miña miseria  
e cuspirei**

**un verso**

**fillo**

**do**

**noxo,**

**mergullireime mais na noite  
astra que naide poida atoparme  
e, xa pra sempre,  
a tua ausencia**

**a noite**

**e mais eu**

**seremos un soio ser  
ferido polos cen invernos espetados,  
sen posibel primavera.**

1. **Cómo estar só  
namentras teña a man unha trola  
e haxa un rio que rubir  
con naturezas indiferentes ao seu milagre  
e acougos de indianos  
que plantan limoeiros na salitre,  
non lonxe do mar bravo.**
2. **Non deixar de nacer  
e saudar a Concha,  
recén saída da oficina.  
Consultar a cartelera  
e apuntarse a unha de espías,  
vencedores fronteirizos.  
Beber antes de leer  
para non abrir o libro  
e desexar boas noites  
a éste que se deita.**

Nascido hai 23 anos na Coruña, e veciño do bairro de Castro de Elviña, na súa estirpe contabilizáronse os seguintes oficios: carpinteiros, saxofonistas, labradores, albañiles, barbeiros, viaxeiros e pescadores de anguías, non sendo rexistrada a existencia de tendeiros. A súa profesión é a de Xuntaletras, aunque no DNI consta a de periodista. O seu oficio vocacional, a disposición poética, ven de ser definido como o máis inútil e fermoso.



P.A.

Manuel Rivas



CIDADE MIÑA

*Cansei-me e repousei  
todo o que quixen...  
—e ti muda e escura,  
imóbil e disposta  
como unha amante  
fiel...  
(cidade minha)*

Xosé Devesa

I


Cidade miña alá no fondo da memoria  
de soles e de luas doutro tempo,  
cando eu vivia con ollos namorados  
nas suas prazas de sombra ventureira,  
cando eu vivia (naquel tempo feliz...)  
o soño das cousas, das xentes e dos días.

II

As ruas da cidade co son antigo do paseo  
devagar  
á tardiña.

Fonteauga luzada  
pomba  
Estátua do Poeta  
ar de silencio claro no Xardín dos Amantes  
farolas brancas  
(cristal calmo do tempo)...

Cidade miña amada  
na pel de tantos días,  
perdida xa nas néboas sen paisaxe  
con esa morte fría dos adeuses dun mesmo,  
cidade que eu ameí cando vivia  
con ollos namorados,  
(naquel tempo feliz...)



Saúdote mollado

pedra  
triste das ruas de Galicia.

Eres

a base firme e segura na que asento  
a néboa que me envolve  
a carpa que recolle as miñas voces  
a caixa do meu son  
a pedra  
en fin

que informa o meu max ín  
e as miñas noites azúis  
como cosmos de acibeche.

Escoito o arpa

rebumbian nos ouvidos  
ecos de zanfoña  
e a voce de Brassens.

Andote e desándote

leo e falo  
e só ti me fas volver de novo tras dos pasos.

A LONGA VARA DO TEMPO

I Penduras, amiga,  
sumisa e isolada

no largacío interminábel da noite  
das tebras, do silencio, do espacio  
penduras do tempo;  
percórrelos vieiros a tentas  
a tentas na soidade da noite,  
penduras.

Namentres,  
a longa vara do tempo  
xostréganolo corpo.


II Amiga, qué te fai ser diferente?

Qué te leva diste logar?  
Qué é o que te arrepía?  
As horas da soidade son longas  
i anguriosas, ou,  
cecáis sexa eu quen non comprenda  
cecáis estar isolado sexa bó  
cecáis amiga estas no certo.  
Pro, mentres ando a cavilálo...

e III ... a longa vara do tempo  
xostréganolo corpo.

Manoel Neira López

Lugo: "Veño ó mundo das letras a finais do ano 79..."



ás veces cando os días  
sóio valen para flos chatando no calendario  
dáste de conta de que a xente  
está morta xa vas canso  
estamos mortos antre aqueles piñeiros  
qué ben estabamos  
i escomenzas a non saber falar  
a custionalo todo  
e non lle ves o senso a todo isto  
aqueles piñeiros de vento  
i escumas de río que salfiren  
e móllanche as bágoas os ollos e dices  
qué? agora qué? e xurde  
-- cómo non -- o arrepentimento do que non fixeche


nós sempre nos atopamos  
e non nos decimos nada  
pero choramos eso sí choramos  
e mirámonos aos ollos fixamente

coma quen  
os piñeiros e a espuma branca  
que parez que chove e non falamos


faise noite sempre antes de tempo  
e morremos morremos cara abaixo  
o tempo adiántanos sempre

e non medramos  
e rínse as nubes cabronas elas pero fan ben  
porque sempre rematan chovendo  
e nós chorando

e sempre espertamos para outra vez durmir



Tampouco hoxe quero decir nada  
porque sigo sen saber  
onde están os límites  
do que todos experimentamos  
simplemente  
coa palabra.  
A palabra, está claro,  
é unha cousa que cansa de excesiva,  
e fire como fire a realidade,  
e se agora mesmo deixo fóra a palabra  
e calo,  
calo de realidade pura,  
e se agora falo,  
falo como quen enferma  
para morrer de silencio ao pouco tempo.  
Por iso é que hoxe non quero decir nada,  
porque sigo aínda sen saber  
onde quedan os límites  
do que nunca aprenderemos a esquecer,  
porque sigo sen saber se a palabra  
é samente unha violéncia do momento  
ou o resultado do que sempre  
sempre  
calaremos máis adiante.



*Agradecementos:*

**LAXEIRO**

**X. M. TOME**

**Acisclo MANZANO**

**X. MASIDE**

**Santiago MAYER**

**MORQUECHO**

**XESUS CAMPOS**

**A. LAMAZARES**

**Xurxo FERNANDEZ**

**LUIS MILLAN**

**AXUNTAMENTO DE VILANOVA DE AROUSA**

**E A TODOS OS QUE FIXERON POSIBEL ESTA PUBLICACION**



XUNTA  
DE GALICIA

